

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

14861 *Real decreto 1035/2017, do 15 de decembro, polo que se regulan o establecemento e cambio de porto base dos buques pesqueiros, e polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

O Real decreto 1838/1997, do 5 de decembro, polo que se regulan o inicio da actividade pesqueira e os establecementos e cambios de base de buques pesqueiros, despois de dúas décadas de vixencia, cumpriu o seu obxectivo de normalizar aspectos importantes referidos á actividade do buque pesqueiro, á súa mobilidade e á protección e conservación dos recursos mediante o control do esforzo pesqueiro.

Aínda que no seu momento foi un avance normativo na regulación dos portos base dos buques pesqueiros, quedou obsoleta como consecuencia da nova regulación legal que introduciu na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, a Lei 33/2014, do 26 de decembro, que modifica a anterior, a cal dedica un capítulo completo a esta materia abordando o concepto de porto base, o establecemento de porto base, os cambios do porto base e os requisitos para os cambios de base, e deixa, para un posterior desenvolvemento regulamentario, algúns aspectos que agora se afrontan, como os requisitos para os buques que pescan fóra do caladoiro nacional e a súa vinculación socioeconómica co seu porto base, e as condicións das autorizacións de utilización temporal dun porto distinto ao de base por razóns de actividade de pesca.

Por outra parte, era necesario abordar a consideración dos portos base nas cidades de Ceuta e Melilla, cuxa competencia corresponde ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ao non teren atribuídas as ditas cidades as competencias correspondentes á ordenación do sector pesqueiro.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, dispón que as comunidades autónomas teñen competencia para autorizar os cambios de base entre portos do seu propio territorio, sempre que o dito cambio non afecte a regulación do esforzo pesqueiro, nin a necesaria concorrencia da autorización de pesca en augas exteriores e a licenza de pesca comunitaria, que expide o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente; ademais, requírese que as características e particularidades do porto se adapten ás necesidades do buque e que existan posibilidades de comercialización e prestación de servizos.

Na presente regulación tivéronse en conta os principios de liberdade de establecemento das empresas e persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio nacional, conforme o previsto nos artigos 38 e 139 da Constitución española, onde prima a decisión do propietario ou armador do buque, matizado pola necesaria contención do esforzo pesqueiro e a vinculación que ten o porto base coas diferentes medidas de regulación da pesca marítima, como os plans de xestión ou os dereitos de posibilidades de pesca, así como os condicionantes que poidan existir no marco da normativa comunitaria relativa ás axudas estruturais no sector pesqueiro.

Por outro lado, o artigo 67.3 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, establece a necesidade de obter unha autorización específica cando por razón da actividade pesqueira se prevexa utilizar un porto distinto ao porto base durante períodos superiores a tres meses, cuxos requisitos se regulan, así mesmo, na presente norma. Deste modo, as ditas autorizacións temporais outorgáranse en función das motivacións dos armadores dos buques que o soliciten e das medidas de xestión das pesqueiras autorizadas polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ou doutros posibles condicionantes relativos á regulación da pesca marítima.

O despacho para a pesca en porto que non sexa o de base farase conforme as normas do Ministerio de Fomento.

Por outro lado, este real decreto modifica, en elementos concretos, o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, co fin de incorporar de modo indefinido unha serie de normas que nos últimos anos se foron introducindo mediante normativa transitoria, cunha vixencia temporal orixinaria de dous anos que posteriormente se prorrogou e modificou, referidos ás condicións das baixas para a construción ou modernización de buques pesqueiros, ás regularizacións, á tramitación das solicitudes e ás consecuencias sobre a anulación ou modificación do expediente.

Durante este período de aplicación temporal constatouse que esta normativa transitoria supuxo un beneficio para os armadores e as empresas pesqueiras e un avance na consecución do obxectivo de contar cunha frota profesional, economicamente rendible e que garanta unha explotación dos recursos biolóxicos mariños sen poñer en risco o equilibrio biolóxico das poboacións explotadas e a integridade do medio físico.

Por isto, óptase por dar traslado ao corpo do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, aqueles artigos que constataron a súa utilidade durante estes cinco anos de vixencia. Así mesmo, existen efectos de normas derogadas e lexislación dispersa que convén derogar, a prol da seguridade xurídica.

A presente norma someteuse a consulta das comunidades autónomas e do sector pesqueiro.

Este real decreto dítase de acordo ao artigo 149.1.19.^a da Constitución española, que ampara a competencia do Estado en materia de pesca marítima e de lexislación básica en materia de ordenación do sector pesqueiro.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co ditame do Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Todos os buques pesqueiros que enarboren o pavillón español deberán establecerse nun porto base do territorio nacional.

Os propietarios ou armadores dos buques pesqueiros de pavillón español poderán elixir libremente o porto pesqueiro que sirva de base para exercer a súa actividade pesqueira con suxeición ao establecido no presente real decreto.

2. No marco do establecido no capítulo IV do título II da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, o presente real decreto ten por obxecto regular o establecemento de porto base, os cambios de porto base e as autorizacións de utilización temporal dun porto distinto ao porto base, dos buques pesqueiros de pavillón español.

Artigo 2. *Definicións.*

De acordo co disposto na Lei 3/2001, para os efectos deste real decreto e das súas disposicións de desenvolvemento, enténdese por:

1. Porto base: para os buques de caladoiro nacional, o porto base será aquel desde o cal o buque desenvolva a maior parte das súas actividades de inicio das mareas, despacho e comercialización de capturas.

En desenvolvemento da dita definición, para a consideración do porto base dun buque pesqueiro que pesca en caladoiro nacional, teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) O porto desde o cal se inician e finalizan maioritariamente as mareas do buque, o embarque da tripulación e a adquisición de aparellos;
- b) as declaracións de desembarque e primeira venda dos seus produtos.

Para aqueles buques que pescan fóra do caladoiro nacional, o porto base será aquel co cal, de forma acreditada, manteñan unha vinculación socioeconómica destacable, entendéndose que existe vinculación socioeconómica cun determinado porto cando as actividades administrativas e/ou económicas da empresa armadora do buque se realicen preferentemente dentro do distrito marítimo en que se atope o dito porto.

Para a consideración de porto base dos buques que non pescan no caladoiro nacional teranse en conta os seguintes factores:

- a) O porto español en que se desembarcan e/ou comercializan a maior parte dos produtos pesqueiros capturados polo buque.
- b) O domicilio do armador, sempre que este estea nun municipio con porto pesqueiro.
- c) O lugar onde radique a principal oficina comercial ou administrativa do armador.
- d) A proximidade ao porto do lugar onde se atope a principal das oficinas comerciais ou administrativas do armador ou propietario, ou do domicilio social destes últimos, ou do municipio onde se leven a cabo as relacións con provedores, clientes, traballadores ou administracións.

Para todos os efectos regulamentarios, o porto base dun buque pesqueiro será o que teña establecido con carácter de permanencia e figure no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

2. Establecemento de porto base: é o acto administrativo mediante o cal a autoridade pesqueira competente faculta, de forma previa ao inicio da actividade, a fixación dun porto para as súas operacións pesqueiras e comerciais. O dito porto, no caso de buques que pesquen en augas españolas, será o mesmo que se establecese na autorización de construción do buque e pertencerá sempre ao caladoiro para o cal se autoriza a actividade da embarcación.

No caso de buques importados ou que se vaian inscribir na lista terceira procedentes doutras listas do Rexistro Xeral de Buques e Empresas Navieiras, o establecemento do porto base será proposto polo armador ou propietario, en atención á súa autorización de pesca ou pola súa vinculación socioeconómica.

3. Cambio de porto base: é o acto administrativo mediante o cal a autoridade pesqueira competente fixa un porto base distinto ao que o buque ten establecido na súa documentación e no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira. O cambio de porto base non producirá efecto ata que este estea debidamente inscrito no referido rexistro.

4. Autorización para a utilización temporal dun porto distinto do porto base: é o acto administrativo mediante o cal a autoridade pesqueira competente autoriza o uso temporal dun ou máis portos pesqueiros distintos do porto base.

5. Caladoiros nacionais: cada un dos catro caladoiros que conforman o caladoiro nacional, a saber:

- 1.º O caladoiro do Cantábrico-Noroeste.
- 2.º O caladoiro do Golfo de Cádiz.
- 3.º O caladoiro do Mediterráneo.
- 4.º O caladoiro de Canarias.

Artigo 3. *Requisitos para a autorización de cambio de porto base.*

1. Para poder ser autorizados, os cambios de porto base deberán cumprir, ademais do indicado no artigo 2.1, ao menos, os seguintes requisitos:

- a) Que as características e particularidades do porto se adapten ás necesidades do buque.
- b) Que existan posibilidades de comercialización ou desembarque e prestación de servizos no novo porto elixido como base.
- c) Que non se contraveñan, se é o caso, as medidas regulamentarias específicas de contención do esforzo ou capacidade pesqueira.

2. As solicitudes de cambio de porto base deberán fundamentarse en razóns de oportunidade pesqueira ou, se é o caso, socioeconómicas, que deberán ser adecuadamente motivadas polo interesado.

3. Quedan expresamente excluídas das ditas razóns as referidas á obtención de beneficios provenientes de calquera tipo de axuda pública no ámbito pesqueiro.

4. Os cambios de portos base entre comunidades autónomas e/ou cidades con estatuto de autonomía deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, logo de informe das comunidades autónomas afectadas.

5. Os cambios de base entre portos dunha mesma comunidade autónoma serán autorizados polo órgano competente en materia pesqueira desta, e só producirá efecto unha vez anotado o cambio no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

6. No caso dos buques autorizados a exercer a actividade pesqueira no caladoiro nacional, todo cambio de porto base que implique tamén un cambio de caladoiro requirirá que a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, autorice previamente o dito cambio, para o cal se remitirá a información que figura no anexo II.

Artigo 4. *Utilización temporal dun porto distinto ao porto base.*

1. O uso ininterrompido dun porto pesqueiro distinto do porto base dun buque por períodos inferiores ou iguais a tres meses non requirirá de autorización específica. Nos casos de utilización temporal dun porto ou portos situados nunha comunidade autónoma distinta á do porto base, o interesado deberá comunicar á autoridade pesqueira da comunidade autónoma onde radique o porto base da embarcación e á comunidade ou comunidades autónomas na que estea o porto ou portos que se vaian utilizar a utilización temporal do dito porto ou portos e o período do dito uso. A dita utilización non poderá, de forma acumulada, ter unha duración superior a seis meses dentro dun período de doce meses, prorrogable en tres meses en pesqueiras dirixidas a especies estacionais ou migratorias, salvo que unha norma específica de carácter estatal ou autonómico expresamente o prevexa.

2. A utilización temporal dun ou máis portos distintos do porto base por períodos ininterrompidos superiores a tres meses, ou interrompidos e sucesivos superiores a seis meses dentro dun período de doce meses, requirirá da autorización específica a que fai referencia o artigo 67.3 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, que será emitida pola autoridade pesqueira competente.

3. A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ou as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, poderán promover o cambio de base dun buque pesqueiro cando a utilización continuada de autorizacións temporais permita constatar que o dito buque desenvolve a maior parte das actividades definidas no artigo 2.1 do presente regulamento nun porto distinto ao da súa base.

4. A estadía temporal fóra do porto base, por si mesma, non dará ningún tipo de dereito de pesca distinto do que corresponda ao porto base, cando na zona de pesca ou caladoiro onde radique o porto de estadía temporal exista unha regulación específica relativa á repartición de cotas de pesca, dereitos de acceso a determinadas zonas ou caladoiros, ou calquera outra regulación específica para estes efectos.

Artigo 5. *Tramitación.*

1. A tramitación do establecemento de porto base rexerá polas seguintes normas:

a) Con carácter xeral, o establecemento do porto base será outorgado pola comunidade autónoma que, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento, autorice a construción do buque, e corresponderá a un dos portos do seu litoral, logo de

informe, se é o caso, da autoridade portuaria, que deberá emitirse antes da entrada en servizo do buque.

b) Nos casos en que a actividade se vaia desenvolver nos portos das cidades de Ceuta e Melilla, corresponderá á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente o establecemento do porto base, logo de informe, se é o caso, da autoridade portuaria que se deberá emitir antes da entrada en servizo da embarcación. A Dirección Xeral de Ordenación pesqueira autorizará conxuntamente o establecemento de porto base e a inscrición do buque no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e comunicarlle seguidamente a dita autorización á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

c) No caso de importacións e incorporacións de buques ao Rexistro Xeral da Frota Pesqueira, o interesado solicitará á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira de forma conxunta coa alta no Rexistro, o establecemento de porto base e a autorización para un determinado caladoiro e modalidade de pesca. Por solicitude da referida dirección xeral, a comunidade autónoma do porto onde se vaia establecer o buque emitirá informe previo, no prazo de dez días hábiles, referido ás súas competencias en pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, e ás medidas regulamentarias que, en materia de contención do esforzo, de capacidade pesqueira e de ordenación pesqueira, fosen adoptadas polos órganos autonómicos competentes, e incorporará, se é o caso, o informe da autoridade portuaria.

A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente resolverá o establecemento de porto base e a inscrición do buque no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e comunicará seguidamente a dita autorización á autoridade pesqueira da comunidade autónoma e á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

2. A tramitación dos cambios de porto base seguirá as seguintes normas:

a) As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación xustificativa das razóns de oportunidade pesqueira ou, se é o caso, socioeconómicas aducidas polo solicitante.

b) As solicitudes de cambio de porto base que se encontren afectadas polo disposto no punto 4 do artigo 3 da presente norma dirixiranse ao director xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente segundo o modelo que figura no anexo I do presente real decreto, e presentaranse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por solicitude da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, as comunidades autónomas emitirán informe previo, no prazo dun mes, referido ás súas competencias en pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura e ás medidas regulamentarias que, en materia de contención do esforzo, capacidade pesqueira e de ordenación pesqueira fosen adoptadas polos órganos autonómicos e incorporarán o informe da federación de confrarías e confrarías de pescadores e da autoridade portuaria, se é o caso.

A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira comunicará a resolución adoptada, no prazo de dez días hábiles tras a recepción do informe previo, ás comunidades autónomas afectadas, que, pola súa vez, emitirán informe sobre o contido desta ás capitánías marítimas do Ministerio de Fomento, ás federacións de confrarías e confrarías de pescadores, e ás autoridades portuarias interesadas.

c) As solicitudes para a tramitación das autorizacións de cambio de porto base dentro dunha mesma comunidade autónoma dirixiranse ao órgano competente en materia pesqueira da dita comunidade autónoma, que resolverá, logo de informe das federacións de confrarías, confrarías de pescadores e, se é o caso, da autoridade portuaria.

Unha vez resolto o cambio de base pola comunidade autónoma, esta deberá notificalo, no prazo de dez días hábiles, á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, así como ás capitánías marítimas,

federacións de confrarías, confrarías de pescadores e autoridades portuarias, se é o caso, involucradas no dito cambio.

As comunidades autónomas poderán establecer requisitos adicionais para aqueles cambios de porto base que se produzan entre portos da mesma comunidade autónoma, que, en calquera caso, deberán ser necesarios e proporcionados en función do establecido no artigo 5 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado, e non incorrer en ningún dos supostos prohibidos polo artigo 18 da dita lei.

3. A tramitación da autorización de utilización temporal dun porto distinto do porto base rexeráse polas seguintes normas:

a) As solicitudes de autorización deberán estar motivadas en razóns de oportunidade pesqueira ou, se é o caso, socioeconómicas e estarán limitadas a un período máximo de seis meses, prorrogables motivadamente por outros tres, dentro dun ciclo temporal de 12 meses, e deberán indicar o período máximo de estadia fóra do porto base e a/s provincia/s marítima/s para cuxo/s porto/s se solicita a autorización temporal.

b) Cando o obxecto da solicitude se refira a portos situados dentro do ámbito dunha mesma comunidade autónoma, deberá remitirse á autoridade competente en materia pesqueira da dita comunidade, quen resolverá logo de informe, se é o caso, da autoridade portuaria e das federacións de confrarías e confrarías de orixe e destino. A resolución deberá ser comunicada no prazo de dez días hábiles á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

c) Cando a solicitude de autorización se refira a portos de distintas comunidades autónomas ou ás cidades de Ceuta e Melilla, dirixíranse ao director xeral de Ordenación Pesqueira segundo o modelo que figura no anexo III do presente real decreto, e presentáranse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A tramitación pola Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira requirirá informe previo, emitido no prazo dun mes, polas comunidades autónomas afectadas, referido ás súas competencias en pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura e ás medidas regulamentarias que, en materia de contención do esforzo, de capacidade pesqueira e de ordenación pesqueira, fosen adoptadas polos órganos autonómicos, e incorporarán o informe das federacións de confrarías e confrarías de pescadores e da autoridade portuaria, se é o caso.

A resolución deberá ser comunicada no prazo de 10 días hábiles ás comunidades autónomas afectadas.

d) As solicitudes para a autorización de utilización temporal que impliquen cambio de caladoiro comunicáranse de forma previa á Secretaría Xeral de Pesca.

4. A resolución de concesión ou denegación de autorizacións ateráse ás seguintes normas:

a) A resolución adoptada será notificada pola autoridade competente aos interesados na forma e cos efectos previstos no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Transcorridos seis meses sen se ter notificado resolución expresa ao interesado, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo, segundo se establece na disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

b) A resolución non poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase recorrer en alzada, de acordo co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, salvo que o órgano que a ditou non teña superior xerárquico; neste caso poñerá fin á vía administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e seguintes da referida lei.

c) A denegación de establecemento, cambio ou utilización temporal dun porto distinto ao porto base deberá estar motivada e sustentarse de maneira xeral en razóns referidas a medidas regulamentarias de conservación ou xestión da actividade pesqueira, como poden ser plans de pesca, medidas de regulación do esforzo pesqueiro e/ou das

posibilidades de pesca asignadas, ou de ordenación da actividade pesqueira tales como o axuste da capacidade de pesca.

d) En calquera caso, a resolución denegatoria deberá fundamentarse nunha ou varias normas específicas e concretas. A denegación tamén poderá basearse nos requisitos que regulamentariamente se establezan no marco das axudas estruturais no sector da pesca, así como en razóns de índole técnica que impidan ao porto de destino acoller o barco en cuestión.

5. O establecemento e cambios de porto base producirá efectos unha vez que sexan anotados no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

Artigo 6. *Infraccións e sancións.*

Os incumprimentos do disposto no presente real decreto serán sancionados de acordo co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e, se é o caso, de acordo coa normativa das comunidades autónomas.

Disposición adicional primeira. *Réximes de xestión do esforzo pesqueiro ou da capacidade da frota.*

Cando unha pesqueira estea sometida a un réxime de xestión do esforzo pesqueiro ou de axuste do desequilibrio existente entre a capacidade da frota e os recursos, e os obxectivos que se pretenda alcanzar se poidan ver afectados polos cambios de porto base, a norma que regule o dito réxime terá en consideración o efecto que puidesen ter as autorizacións de cambio de porto base sobre os obxectivos establecidos.

Disposición adicional segunda. *Administración electrónica.*

1. As comunicacións entre os distintos órganos das administracións públicas previstas no presente real decreto, incluíndo os informes preceptivos, realizaranse por vía electrónica.

2. As solicitudes que os administrados deban realizar á Secretaría Xeral de Pesca poderán efectuarse a través das federacións de confrarías e confrarías de pescadores ou das organizacións ou asociacións do sector pesqueiro. Neste caso, e en aplicación do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, as referidas confrarías, organizacións e asociacións estarán obrigadas a tramitar as ditas solicitudes unicamente por vía electrónica ante a Administración competente.

Disposición transitoria única. *Buques que se encontren operando desde portos diferentes ao de base no momento da entrada en vigor desta norma.*

1. As embarcacións ou buques pesqueiros que estean operando desde portos que non son o seu porto base deberán, se procede, actualizar a súa situación conforme os procedementos e criterios establecidos no presente real decreto, solicitando o trámite oportuno no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste regulamento.

2. As administracións pesqueiras das comunidades autónomas e a Secretaría Xeral de Pesca, esta última no caso de buques con porto base en Ceuta e Melilla, poderán iniciar de oficio os expedientes de adecuación do porto base e das autorizacións de utilización temporal das embarcacións e buques pesqueiros que puidesen encontrarse nas situacións reguladas no punto 1 da presente disposición transitoria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada toda disposición de igual ou inferior rango no que se opoña ao disposto no presente real decreto e expresamente as seguintes:

1. Real decreto 1838/1997, do 5 de decembro, polo que se regulan o inicio da actividade pesqueira e os establecementos e cambios de porto base.

2. Real decreto 2066/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a substitución das embarcacións de menos de 2,5 toneladas de rexistro bruto que se construíron ao abeiro da Orde do 20 de novembro de 1979, de construción, reparación, instalación e cambios de lista de embarcacións de menos de 20 toneladas de rexistro bruto, dedicadas á pesca de artes menores, non suxeitas a regulamentación específica.

3. Real decreto 798/1995, do 19 de maio, polo que se establecen os criterios e condicións das intervencións con carácter estrutural no sector da pesca, da acuicultura e da comercialización, a transformación e a promoción dos seus produtos.

4. Real decreto 1081/2012, do 13 de xullo, polo que se establece o procedemento de regularización de buques pesqueiros e a súa actualización no Censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

5. Real decreto 499/2004, do 1 de abril, sobre reactivación de buques non inscritos no Censo da frota pesqueira operativa, e a actualización de buques irregulares.

6. Real decreto 516/2005, do 6 de maio, de ordenación da frota pesqueira da Comunidade Autónoma de Canarias.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado do modo que segue:

«Artigo 3. *Condicións das baixas.*

Toda autorización de construción de buques pesqueiros que se vaian rexistrar na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras requirirá que a unidade que se vaia construír substitúa un ou máis buques operativos achegados como baixa, e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o(s) buque(s) pesqueiro(s) achegado(s) como baixa ou baixas, estea(n) matriculado(s) na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, que figure de alta no Censo da frota pesqueira operativa e que estea libre de cargas e gravames.

b) Para a construción de novas unidades da frota pesqueira en arqueo bruto (GT) e potencia (kW), a entrada de nova capacidade na frota estará compensada pola anterior retirada sen axuda pública, como mínimo, da mesma capacidade; en todo caso, o réxime de entradas/saídas de capacidade da frota pesqueira axustarase ao establecido no artigo 23 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello.

c) O buque ou buques achegados como baixa deberán estar, así mesmo, de alta no Censo da frota pesqueira operativa. De forma excepcional, poderanse considerar:

1.º As baixas provisionais, sempre que non superasen os cinco anos de antigüidade na dita situación.

2.º As baixas de buques pesqueiros operativos perdidos definitivamente por accidente, ou os buques que se sometan a unha exportación definitiva; nestes casos, os correspondentes dereitos de baixa terán un período de validez de 12 meses a partir da data da exportación definitiva ou do sinistro ou, se é o caso, desde a data de firmeza da resolución xudicial que declare a data do afundimento, cando estes sexan obxecto de controversia.

d) En todo caso, a achega dun buque para unha nova construción será anotada na folia de asento do dito buque e levarase a cabo documentalmente

mediante un compromiso de baixa, no cal o achegante desta se compromete a dar de baixa o buque no Censo da frota pesqueira operativa e iniciar o expediente pertinente para materializar a dita baixa nas formas descritas no artigo 6, cando a nova construción entre en servizo. O mencionado compromiso de baixa non presupón por si mesmo o inicio do expediente.

e) O compromiso de baixa será formulado en documento orixinal e por unha soa vez polo propietario do buque de pesca que se vai substituír, ante a autoridade competente da Administración central ou autonómica, e é aquel polo que se compromete o dito propietario á inmovilización deste no momento da entrada en servizo da nova unidade e despezamento de acordo co punto 2 do artigo 51. Cando o solicitante non sexa titular rexistral do buque achegado como baixa, naquel documento deberá figurar a cesión de dereitos do buque que se vai substituír a favor do solicitante da nova construción.

f) A achega dun buque como baixa nun ou máis expedientes terá un período de validez de vinte e catro meses desde a data desde a sinatura do primeiro compromiso de cesión de capacidade, incluso se este é posteriormente modificado ou anulado.

g) O dito compromiso, unha vez aceptado pola Administración competente, será enviado ao Rexistro de Buques e Empresas Navieiras para a súa toma de razón na folia de asento do buque.»

Dous. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Orixe das baixas en función da modalidade.*

Cando se establecesen censos de buques para determinados caladoiros e modalidades de pesca e se pretenda construír un buque para incluílo nun deles, ao menos o 90% do arqueo bruto (GT) e potencia (KW) dos buques achegados como baixa deberán pertencer ao dito censo como mínimo, sen prexuízo das exixencias máis rigorosas que poida conter a normativa específica que regule a concreta modalidade e caladoiro.»

Tres. Elimínase o punto 4 do artigo 10.

Catro. Modifícase o artigo 14 que queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Modificación e anulación do expediente.*

Estará suxeito a autorización previa pola autoridade competente a modificación dos expedientes de construción que afecten características do buque que se vai construír referidas á eslora, arqueo ou potencia ou cambios na baixa principal, cambio de material do casco, cambio de censo ou modalidade, así como a variación da fin do expediente e/ou a unión de varios expedientes. En caso de non se autorizar e proceder á anulación do expediente por instancia do interesado, as baixas que se comprometesen manterán a súa vixencia durante o período de validez de vinte e catro meses previsto no artigo 3.f) que se computarán desde a data do primeiro compromiso de baixa.»

Cinco. Modifícase o artigo 19, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 19. *Achega de baixas.*

Para autorizar as obras de modernización e equipamento de buques da lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, que supoñan incrementos de arqueo ou potencia, deberanse achegar baixas de buques da lista terceira debidamente inscritos no Censo da frota pesqueira operativa, nos termos establecidos no capítulo II deste real decreto.

Sen prexuízo do establecido no artigo 3, a capacidade necesaria para levar a cabo as obras de modernización e equipamento nos buques pesqueiros poderá proceder, así mesmo, de fraccións de baixas xa empregadas noutros expedientes.»

Seis. Substitúense os puntos 2 e 4 do artigo 51, que quedan redactados como seguen:

«2. Para que os buques de nova construción, importación ou incorporación á lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras pasen á situación de alta definitiva, os armadores deberán xustificar nun prazo máximo de doce meses o despezamento, a exportación ou transferencia a outro país comunitario, así como, se é o caso, o cambio de lista, da baixa ou baixas achegadas e a inscrición definitiva no Rexistro Mercantil, e deberá xuntar a documentación que figura no anexo III. En caso de non presentar a documentación requirida, os buques causarán baixa provisional no censo.»

«4. Os armadores dos buques reactivados, transcorrido como máximo un ano desde a data da alta provisional, deberán xustificar, para pasar á situación de alta definitiva no Censo da frota pesqueira operativa, unha actividade pesqueira de, ao menos, cento vinte días, ou un 70 por cento dos días autorizados cando se trate de pesqueiras específicas reguladas pola súa propia normativa, por medio da documentación citada no anexo V. En ausencia das xustificacións requiridas, os buques causarán baixa provisional no censo.»

Sete. Elimínase o artigo 52.

Oito. Engádeselle á letra e) do artigo 55 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, o parágrafo seguinte:

«e) As embarcacións que durante o proceso de regularización se constate que son embarcacións novas non poderán continuar o proceso de regularización pasando a baixa definitiva, e deberán iniciar un expediente de abandeiramento para o cal poderán chegar como baixa a capacidade que figurara rexistralmente para a embarcación antes de iniciar o proceso de regularización.»

Nove. Engádeselle ao artigo 55 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, unha letra h) do modo que segue:

«h) Os buques que sexan regularizados a partir da entrada en vigor do presente real decreto non poderán recibir axuda pública por paralización definitiva, e soamente poderán ser achegados para entrada de nova capacidade polos dereitos pesqueiros que tivesen previamente á súa regularización.»

Dez. Engádesese unha nova disposición adicional quinta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional quinta.

Embarcacións de artes menores acollidas ao réxime de excepcionalidade previsto na Orde ministerial do 20 de novembro de 1979 e ao Real decreto 2066/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a substitución de embarcacións de menos de 2,5 toneladas de rexistro bruto que se construíron ao abeiro da Orde do 20 de novembro de 1979, de construción, reparación, instalación e cambios de listas de embarcacións de menos de 20 toneladas de rexistro bruto, dedicadas á pesca de artes menores, non suxeitas a regulamentación específica.

Quedan sen efecto as limitacións establecidas na Orde ministerial do 20 de novembro de 1979 pola que se ditan normas que regulan a construción, reparación e instalación de motores e cambios de listas de embarcacións de menos de 20 toneladas de rexistro bruto, dedicadas á pesca de artes menores, que non estean suxeitas a regulamentación específica, e no Real decreto 2066/2004, do 15 de

outubro, polo que se regula a substitución de embarcacións de menos de 2,5 toneladas de rexistro bruto que se construíron ao abeiro da Orde do 20 de novembro de 1979, de construción, reparación, instalación e cambios de listas de embarcacións de menos de 20 toneladas de rexistro bruto, dedicadas á pesca de artes menores, non suxeitas a regulamentación específica.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. O presente real decreto ten carácter de norma básica en materia de ordenación do sector pesqueiro e dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

2. Todo o que afecte o esforzo pesqueiro, licenzas comunitarias de pesca, permisos temporais de pesca, plans de xestión e posibilidades de pesca constitúe lexislación en materia de pesca marítima.

3. O artigo 6 constitúe, segundo corresponda en razón á natureza da infracción, lexislación de pesca marítima ou de ordenación do sector pesqueiro.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para ditar, dentro do ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 15 de decembro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA